

4.2. cobertura e financiamento da protección social

A análise da cobertura e financiamento das prestacións sociais, baseada nos datos facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social e os datos recollidos nos Presupostos da Xunta, divídese en dúas partes. A primeira está dedicada ó financiamento e cobertura social do Estado, que fundamentalmente se refire ás prestacións económicas (estas son analizadas máis polo miúdo no punto 4.3.- Prestacións económicas). No ano 2000 as obrigas recoñecidas da Seguridade Social ascenderon a 696.742 millóns de pesetas, un 8,9% máis que en 1999.

A segunda parte estudia a cobertura social da Comunidade Autónoma e engloba, basicamente, a cobertura social e sanitaria da Xunta (ver punto 4.4.- Prestacións sanitarias e sociais). A cantidade presupostada para as dúas consellerías con competencias nestas materias foi de 397.880,4 millóns de pesetas, o que supón un crecemento do 6,3% respecto ó ano anterior.

O seu peso relativo no total dos presupostos da Xunta mantense no ano 2000 en torno ó 38% do gasto total.

Financiamento e cobertura social do Estado

A afiliación á Seguridade Social no ano 2000, cadro **2.1.1.** (*Traballadores en alta laboral 1999-00: distribución segundo réximes*), experimentou un crecemento do 3,4% respecto ó ano anterior (preto de 28,9 miles de afiliacións máis), para acadalos 880,1 miles de persoas. Atendendo á súa distribución por réximes, a meirande parte destas afiliacións corresponde ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 68% do total de afiliacións, seguido do réxime especial de autónomos cun 18,6% das mesmas.

O cadro **C.4.9.** (*Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na C.A. 2000*) reflicte as obrigas recoñecidas totais das entidades xestoras e

Tesorería General de la Seguridad Social. En Galicia, o total das obrigas ascendeu a 696.742 millóns de pesetas, dos que 655.955 millóns (o 94,1%) corresponde ás pensións e o 5,9% restante, 40.787 millóns de pesetas, ós subsidios.

Atendendo á súa desagregación por réximes, os devanditos cadros reflicten que son o réxime xeral e o agrario os dous máis importantes, con 315.155 e 200.259 millóns de pesetas, respectivamente, aínda que o réxime especial agrario ten na provincia de Lugo unhas obrigas recoñecidas superiores ás do réxime xeral.

O **cadro C.4.9.** reflicte que as pensións por xubilación son as que presentan un maior volume de obrigas recoñecidas, con 458.689 millóns de pesetas, seguidas das pensións de viuvez con 105.561 millóns de pesetas. No caso dos subsidios, os de incapacidade temporal son os máis importantes, con 22.215 millóns de pesetas.

Por provincias, A Coruña é a que ten unhas maiores obrigas, con 263.442 millóns, o 37,8% do total galego, seguido de Pontevedra con 217.808 millóns (31,3%) e Lugo e Ourense con 114.079 (o 16,4%) e 101.413 millóns de pesetas (14,6%), respectivamente.

O **cadro 4.2.1.** recolle os datos da provincia de A Coruña, onde, ó igual que no conxunto de Galicia, o réxime xeral é o que máis obrigas recoñecidas ten, con 133.869 millóns de pesetas (50,8% do total do gasto de A Coruña), seguido do réxime especial agrario con 59.836 millóns de pesetas (o 22,7%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas –ascenden a 170.466 millóns de pesetas–, seguidas das de viuvez (con 42.200 millóns). No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 7.839 millóns de pesetas.

En Lugo, **cadro 4.2.2.**, salienta a importancia do réxime especial agrario, que, no caso das pensións, presenta uns gastos superiores ó réxi-

me xeral en tódolos subgrupos agás no de invalidez permanente. As pensións de xubilación ascenden a 81.239 millóns de pesetas (o 55,9% corresponde ó réxime especial agrario) que representa o 74,6% do total das pensións de Lugo.

En relación ós subsidios, os máis importantes son os de incapacidade temporal, que ascenden a 2.804 millóns de pesetas, que representa o 54,8% do total dos subsidios na provincia de Lugo.

Na provincia de Ourense, no ano 2000, a diferenza do acontecido en 1999, as obrigas recoñecidas do réxime especial agrario (41.518 millóns) son inferiores, tal e como reflicte o **cadro 4.2.3.**, ás do réxime xeral (42.047 millóns). As obrigas recoñecidas polas pensións de xubilación ascenden a 71.184 millóns de pesetas, seguidas polas de viuvez, con 13.819 millóns, mentres que no caso dos subsidios, as máis importante son as de incapacidade temporal, con 2.253 millóns.

Finalmente, o **cadro 4.2.4.** amosa os datos correspondentes á provincia de Pontevedra, onde as obrigas recoñecidas do réxime xeral ascenderon a 102.553 millóns de pesetas (47,1% do total do gasto da provincia) seguido do réxime especial agrario, con 42.082 millóns de pesetas (o 19,3%).

Segundo os datos referidos ós diferentes tipos de pensións e subsidios, as pensións de xubilación son as que xeran unhas maiores obrigas recoñecidas, ascendendo estas ós 135.800 millóns de pesetas, seguidas das de viuvez con 34.296 millóns. No caso dos subsidios, as obrigas recoñecidas por incapacidade temporal ascenden a 9.319 millóns de pesetas.

A cobertura social da Comunidade Autónoma

Os presupostos da Xunta dedican no ano 2000 o 38,3% do seu presuposto ós capítulos da Sanidade e Servicios Sociais e a Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. A

CADRO 4.2.1.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na provincia de A Coruña 2000

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
Pensións	126.824	18.365	58.706	19.324	958	4.423	6.860	12.567	248.027
Invalidez permanente	14.493	1.896	2.591	1.892	60	357	2.652	6.565	30.506
Xubilación	86.195	12.769	46.217	13.280	776	3.949	1.278	6.002	170.466
Viuveza	23.766	3.383	8.638	3.753	109	84	2.467	-	42.200
Orfandade	1.922	273	909	310	12	21	368	-	3.815
Favor de familiares	448	44	351	89	1	12	95	-	1.040
Subsidios	7.045	1.541	1.130	571	16	175	389	4.548	15.415
Incapacidade temporal	4.367	1.357	1.105	555	16	168	281	-	7.839
Id. colaboración de empresas	188	-	-	-	-	-	-	188	-
Maternidade	1.905	179	13	6	-	17	-	-	2.120
Risco ó longo do embarazo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	1.133	1.133
Id. con minusvalía	-	-	-	-	-	-	-	2.789	2.789
Nacemento de fillo	7	-	-	-	-	-	-	-	7
Parto múltiple	20	-	-	-	-	-	-	-	20
Auxilio por defunción	10	2	9	2	-	-	-	-	23
A tanto alzado	21	-	2	-	-	-	44	-	67
Por baremo	-	-	-	-	-	-	4	-	4
Outros	527	3	1	8	-	-	60	626	1.225
Total	133.869	19.906	59.836	19.895	974	4.598	7.249	17.115	263.442

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO 4.2.2.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na provincia de Lugo 2000

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
Pensións	34.781	7.545	55.980	2.566	766	1.781	2.379	3.168	108.966
Invalidez permanente	3.832	712	3.350	270	72	119	1.038	1.662	11.055
Xubilación	24.505	5.313	45.400	1.816	571	1.608	520	1.506	81.239
Viuveza	5.935	1.421	6.601	444	119	45	681	-	15.246
Orfandade	417	89	472	27	4	7	116	-	1.132
Favor de familiares	92	10	157	9	-	2	24	-	294
Subsidios	1.905	567	843	85	1	66	128	1.518	5.113
Incapacidade temporal	1.233	510	811	82	-	60	108	-	2.804
Id. colaboración de empresas	49	-	-	-	-	-	-	-	49
Maternidade	415	56	17	2	-	6	-	-	496
Risco ó longo do embarazo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Id. con minusvalía	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Nacemento de fillo	3	-	-	-	-	-	-	-	441
Parto múltiple	4	-	-	-	-	-	-	-	975
Auxilio por defunción	3	1	13	-	-	-	2	-	4
A tanto alzado	18	-	2	-	1	-	14	-	35
Por baremo	-	-	-	-	-	-	2	-	2
Outros	180	-	-	1	-	-	2	102	285
Total	36.686	8.112	56.823	2.651	767	1.847	2.507	4.686	114.079

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO 4.2.3.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na provincia de Ourense 2000

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Trabajo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
(en millóns de pesetas)									
Pensións	40.183	7.432	41.100	-	457	1.598	2.295	4.063	97.128
Invalidez permanente	4.307	927	1.842	-	172	172	868	2.285	10.493
Xubilación	28.914	5.108	33.125	-	293	1.383	583	1.778	71.184
Viuvez	6.417	1.294	5.284	-	65	38	721	-	13.819
Orfandade	440	86	443	-	5	3	90	-	1.067
Favor de familiares	105	17	406	-	2	2	33	-	565
Subsidios	1.864	600	418	-	1	82	72	1.248	4.285
Incapacidade temporal	1.184	551	407	-	-	77	34	-	2.253
Id. colaboración de empresas	90	-	-	-	-	-	-	-	90
Maternidade	399	48	2	-	-	5	-	-	454
Risco ó longo do embarazo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	-	387
Id. con minusvalía	-	-	-	-	-	-	-	-	695
Nacemento de fillo	2	-	-	-	-	-	-	-	2
Parto múltiple	4	-	-	-	-	-	-	-	4
Auxilio por defunción	3	1	7	-	-	-	-	-	11
A tanto alzado	10	-	2	-	1	-	10	-	23
Por baremo	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	172	-	-	-	-	-	28	166	366
Total	42.047	8.032	41.518	-	458	1.680	2.367	5.311	101.413

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO 4.2.4.

Obrigas recoñecidas polas Entidades Xestoras e Tesorería General de Seguridade Social na provincia de Pontevedra 2000

	Xeral	Traballadores autónomos	Agrario	do Mar	Minería do Carbón	Empregados do Fogar	Acc. Traballo e Enf. Profesional	Non Contributiva	Total
(en millóns de pesetas)									
Pensións	95.516	13.072	41.188	31.425	433	3.992	6.382	9.826	201.834
Invalidez permanente	12.407	1.375	2.552	2.975	34	398	2.367	5.346	27.454
Xubilación	62.983	9.003	32.494	21.699	312	3.489	1.340	4.480	135.800
Vuvez	18.134	2.485	5.197	6.144	80	81	2.205	-	34.296
Orandade	1.620	201	575	505	5	16	394	-	3.316
Favor de familiares	372	28	380	102	2	8	76	-	988
Subsidios	7.037	1.695	894	1.739	19	198	287	4.105	15.974
Incapacidade temporal	4.802	1.515	878	1.692	-	198	234	-	9.319
Id. colaboración de empresas	202	-	-	-	-	-	-	-	202
Maternidade	1.547	164	10	35	19	-	-	-	1.775
Risco o longo do embarazo	2	-	-	-	-	-	-	-	2
Fillo a cargo	-	-	-	-	-	-	-	1.229	1.229
Id. con minusvalía	-	-	-	-	-	-	-	2.232	2.232
Nacemento de fillo	8	-	-	-	-	-	-	-	8
Parto múltiple	20	-	-	-	-	-	-	-	20
Auxilio por defunción	7	2	6	2	-	-	23	-	40
A tanto alzado	21	9	-	-	-	-	5	-	35
Por baremo	-	-	-	10	-	-	25	644	679
Outros	428	5	-	-	-	-	-	-	433
Total	102.553	14.767	42.082	33.164	452	4.190	6.669	13.931	217.808

Fonte: Tesorería General de la Seguridade Social

CADRO 4.2.5.

Presuposto consolidado das Consellerías de Sanidade e Servizos Sociais e de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 1999-00: distribución económica

	Consellería de Sanidade e Servizos Sociais			Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude		
	1999 (en millóns de pesetas)	2000 (en millóns de pesetas)	00/99 (%)	1999 (en millóns de pesetas)	2000 (en millóns de pesetas)	00/99 (%)
Total operacións correntes						
Cap. I Persoal	317.207,1	332.779,4	93,1	37.470,3	38.421,0	94,8
Cap. II Gastos bens corr.e serv.	145.657,9	151.674,6	42,4	7.148,2	7.519,6	18,6
Cap. III Gastos bens corr.e serv.	85.629,3	91.745,1	25,7	4.114,3	4.380,5	10,8
Cap. IV Transferencias correntes	85.919,9	89.359,7	25,0	26.207,8	26.520,9	65,4
Total operacións de capital						
Cap. V Inversións reais	23.570,8	24.569,0	6,9	1.827,2	2.111,0	5,2
Cap. VI Transferencias de capital	22.186,1	23.415,2	6,6	1.287,2	1.201,0	3,0
Cap. VII Activos financeiros	1.132,7	988,8	0,3	540,0	910,0	2,2
Cap. VIII Activos financeiros	240,0	165,0	0,0	-	-	-
Transferencias internas	4.965,6	6.142,0	1,7	917,7	931,1	2,3
Total consolidado	335.812,3	357.348,4	100	38.379,8	40.532,0	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais de C.A.

CADRO 4.2.6.

**Presuposto consolidado da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais 1999-00
distribución dos créditos por programas**

	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		%
211 B Dirección e Sec.Xerais de SS.	195,3	184,3	-5,6
212 A Pensións e prestacións asistenc.	9.239,5	9.714,2	5,1
212 B Centros para servizos sociais	12.694,7	13.344,9	5,1
212 D Pensións e prestacións en serv.soc.	1.522,2	2.034,1	33,6
311 A Dirección e Sec. Xerais de Sanidade	7.750,4	10.288,4	32,7
313 A Protección e promoción da saúde	6.559,8	6.669,1	1,7
441 A Elab. e Difus. Estatística	14,4	13,0	-9,7
313 B Atención primaria de saúde	111.057,6	122.479,5	10,3
312 A Atención especializada	183.243,7	189.028,8	3,2
314 C Formación de graduados e posgraduados	3.534,7	3.592,1	1,6
Total	335.812,3	357.348,4	6,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.2.7.

Presuposto consolidado da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude 1999-00 distribución dos créditos por programas

	1999	2000	00/99
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		%
211 A Dirección e Sec.Xerais de Protección Social	2.494,9	2.518,8	1,0
211 B Dirección e Sec.Xerais de SS.	2.526,1	2.670,1	5,7
212 A Pensións e prestacións asistenc.	1.789,5	1.963,0	9,7
212 B Centros para servizos sociais	2.167,4	2.250,0	3,8
212 D Pensións e prestacións en serv.soc.	503,7	843,2	67,4
241 A Fomento de emprego	21.603,8	22.709,1	5,1
241 B Fomento de emprego. FSE	5.398,6	5.454,5	1,0
355 B Fomento de actividade xuvenil	1.856,4	2.083,9	12,3
441 A Elab. e Difus. Estatística	39,4	39,3	-0,3
Total	38.379,8	40.531,9	5,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

cantidade dedicada foi de 397.880,4 millóns de pesetas, un 6,3% máis que no ano anterior, dos que 357.348 millóns de pesetas corresponden á Consellería de Sanidade e ó Sergas, e os 40.532 millóns restantes, á Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.

O **cadro 4.2.5.** reflicte a importancia relativa das operacións correntes no presuposto total das dúas consellerías mencionadas. No ano 2000, as operacións correntes representan o 93,1% do total presupostado na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais (o 94,5% no ano 1998) e o 94,8% no caso da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (o 97,6% no ano anterior), en tanto

que as operacións de capital representan o 6,9% e 5,2%, respectivamente.

Comparado co ano anterior, o importe total dedicado nas operacións correntes na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ascende a 332.779,4 millóns de pesetas (un 4,9% superior ó ano anterior) e a 38.421 millóns no caso da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (un 2,5% máis que en 1999).

Atendendo á distribución dos créditos por programas, o **cadro 4.2.6.** amosa que os dous programas máis importantes na Consellería de Sanidade e Servicios Sociais son os de atención

especializada e atención primaria de saúde, que acollen 311.508,3 millóns de pesetas (o 87,2% do total presupostado).

No caso da Consellería de Familia, **cadro 4.2.7.**, destaca o aumento das cantidades dedicadas ós programas de fomento de emprego. No ano 2000 dedícanse un total de 28.163,6 millóns de pesetas (o 69,5% do presupostado), un 4,3% máis que no ano 1999. ■

